

**Facultade de Enfermaría e Podoloxía**



**TRABALLO DE FIN DE GRAO EN PODOLOXÍA**

**Curso académico 2016 / 17**

**“PATOLOXÍA PODOLÓXICA E VARIABLES ASOCIADAS A  
ALTERACIÓNS DO APARELLO GLENOSESAMOIDEO EN  
POBOACIÓN ADULTA. PROPOSTA DE INVESTIGACIÓN”**

**MARÍA DELIA CABEZA VIÑA**

**Director: Dr.Sergio Pérez García Profesor de Dpto. Ciencias da Saúde**

TÍTULO .....	4
RESUMO .....	4
RESUMEN .....	4
ABSTRACT .....	5
PALABRAS CLAVE .....	5
1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA.....	6
2. APLICABILIDADE .....	12
3. HIPÓTESE .....	12
4. OBXECTIVOS.....	13
4.1. OBXECTIVO XERAL .....	13
4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	13
5. METODOLOXÍA .....	13
5.1. ESTRATEXIA DE BUSCA BIBLIOGRÁFICA.....	13
5.2. TIPO DE ESTUDO .....	14
5.3. POBOACIÓN DO ESTUDO.....	14
5.4. ÁMBITO E PERIODO DE ESTUDO .....	14
5.5. CRITERIOS INCLUSIÓN.....	14
5.6. CRITERIOS EXCLUSIÓN.....	15
5.7. TAMAÑO MOSTRAL .....	15
5.8. VARIABLES.....	15
5.9. INSTRUMENTOS DE RECOLLEITA DE DATOS.....	16
5.10. ANÁLISE ESTADÍSTICO.....	17
5.11. LIMITACIÓNS DO ESTUDO.....	17
6. PLAN DE TRABALLO .....	18
6.1. MEDICIÓNS .....	18

6.2. CRONOGRAMA .....	20
7. ASPECTOS ÉTICOS E LEGAIS .....	21
8. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS .....	22
9. FINANCIACIÓN.....	22
9.1. RECURSOS NECESARIOS .....	22
9.1.1. INFRAESTRUTURA.....	22
9.1.2. RECURSOS HUMANOS NECESARIOS .....	22
9.1.3. RECURSOS MATERIAIS.....	22
9.1.4. RELACIÓN DE RECURSOS E GASTOS ECONÓMICOS...	23
9.1.5. POSIBLES FONTES DE FINANCIACIÓN .....	25
10. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	26
11. ANEXOS .....	33
ANEXO I .....	33
ANEXO II .....	36
ANEXO III .....	38
ANEXO IV.....	42
ANEXO V.....	44
ANEXO VI.....	46
ANEXO VII.....	49
ANEXO VIII.....	59
ANEXO IX.....	62
ANEXO X.....	64
ANEXO XI.....	68
ANEXO XII.....	69
ANEXO XIII.....	71
ANEXO XIV .....	74

ANEXO XV .....	75
ANEXO XVI .....	77

## TÍTULO

“Patoloxía podolóxica e variables asociadas a alteracións do aparello glenosesamoideo en poboación adulta. Proposta de investigación”.

“Patología podológica y variables asociadas a alteraciones del aparato glenosesamoideo en población adulta. Propuesta de investigación”.

“Podiatric Pathology and variables associated with alterations of the glenosesamoid apparatus in adult population. Research proposal”.

## RESUMO

As patoloxías xeradas no aparello glenosesamoideo provocan importantes limitacións e dor no antepé. Debido á diversidade de patoloxías nesta área, os tratamentos dependerán do factor causal, da etioloxía da lesión, e da sintomatoloxía que mostre o paciente. Cada unha destas patoloxías sóese asociar con variables posturais ou estruturais que precipitan á sintomatoloxía e a incapacidade xeral do paciente.

O obxectivo desta proposta é a de recoñecer a prevalencia das diferentes patoloxías que se presentan no aparello glenosesamoideo, as variables de comorbilidade coas que se soen relacionar, e determinar como todos estes factores afectan tanto á actividade diaria dos pacientes como a súa calidade de vida, centrándonos na poboación adulta.

## RESUMEN

Las patologías generadas en el aparato glenosesamoideo provocan importantes limitaciones y dolor en el antepie. Debido a la diversidad de patologías de esta zona, los tratamientos dependerán del factor causal, de la etiología de la lesión, y de la sintomatología que presente el paciente. Cada una de estas patologías se suele asociar con las variables posturales o estructurales que precipitan la sintomatología y la incapacidad general del paciente.

El objetivo de esta propuesta es la de reconocer la prevalencia de las diferentes patologías que se presentan en el aparato glenosesamoideo, las variables de comorbilidad con las que se suelen relacionar, y determinar como todos éstos factores afectan tanto a la actividad diaria de los pacientes como a su calidad de vida, centrándonos en la población adulta.

## ABSTRACT

The pathologies produced in the glenosesamoid apparatus cause important limitations and pain in the forefoot. The diversity of pathologies in this area and therefore of treatments will depend on the causal factor, the etiology of the lesion and the symptomatology presented by the patient. Each of these pathologies is usually associated with postural or structural variables that precipitate the symptomatology and the general incapacity of the patient.

The objective of this proposal is to recognize the prevalence of the different pathologies that arise in the glenosesamoid apparatus, the variables of comorbidity with which they are usually related, and to determine how all these factors affect both the daily activity of the patients as to their quality of life, focusing on the adult population.

## PALABRAS CLAVE

Palabras clave: *óso sesamoideo, antepé, patoloxía, fractura, necrose e osteoartrite.*

Palabras clave: *sesamoideo, antepie, patología, fractura, necrosis y osteoartritis.*

Keywords: *sesamoid bone, forefoot, pathology, fracture, necrose and osteoartite.*

## 1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

O termo coñecido como sesamoideo foi empregado e rexistrado por Galeno no ano 180 d.C., debido as semellanzas físicas que presentan estes ósos coas sementes da planta india coñecida como “*Sesamum indicum*”<sup>(1,2)</sup>.

Embriolóxicamente, os sesamoideos comezan a desenrolarse entre a sétima e décima semana de vida fetal, sendo na doceava semana de xestación cando neles se xera cartilaxe, aínda que a osificación non se producirá ata os 7 ou 8 anos de vida, podendo en certos casos producirse aos 12 anos; xeralmente este derradeiro proceso prodúcese antes no sexo feminino que no masculino<sup>(3-5)</sup>. Estruturalmente, o sesamoideo tibial soe ser de maior tamaño que o peroneal, polo que nel se xera maior impacto na carga e, por tanto, está máis predisposto aos traumatismos<sup>(6)</sup>.

A funcionalidade dos sesamoideos situados na cara plantar da cabeza da primeira articulación metatarsal (AMTF), é a de optimizar tanto a actividade como a estabilidade do primeiro radio. Os sesamoideos, están implicados na diminución da fricción, na absorción das forzas e dos impactos tanto durante as actividades cotiás como as de gran estres tisular<sup>(2,7)</sup>, na distribución das cargas ás outras cabezas metatarsais de xeito equitativo<sup>(6)</sup>, ademais de protexer e manter en bo estado o tendón flexor longo da 1ª AMTF<sup>(8)</sup>.

O aparello glenosesamoideo soporta o 50% do peso corporal en condicións normais, podendo verse incrementada esta carga nun 300% durante a fase de despegue da marcha<sup>(6)</sup>. Esta condición xustifica as molestias clínicas que presentará o paciente na zona do antepé durante as fases de despeixe e apoio da marcha, ao realizar unha dorsiflexión forzada do primeiro radio ou a palpación directa<sup>(3)</sup>. Ademais das molestias clínicas, esta situación repercute na saúde do paciente, provocando unha diminución ou alteración da súa calidade de vida<sup>(9)</sup>.

A etiología das sesamoideopatías foi descrita en 1996 por Valassey<sup>(10)</sup>, o cal determinou que estas lesións se producían por unha excesiva presión na cara plantar do primeiro metatarsiano. Valassey indicou que esta sobrecarga se podía deber a actividades físicas con sobrecarga no primeiro metatarsiano (práctica deportiva de ballet, fútbol, running), ao uso de calzado inadecuado, ao síndrome de sobrecarga do primeiro radio ou á morfoloxía podal do individuo (primeiro radio plantarflexionado, pé cavo ou a index minus).

Na bibliografía consultada determinan como sesamoideopatías: a sesamoidite, os sesamoideos bi-multipartitos, a osteonecrose, a fractura de estres, a osteomielite, a hipertrofia dos sesamoideos, a compresión nerviosa, o dedo de céspede e a artrite. Estas doenzas presentarán unha sintomatoloxía e unhas limitacións características.

A sesamoidite é un proceso inflamatorio da vaina sinovial do flexor corto do primeiro dedo sobre a bolsa serosa subcutánea peritendinosa dos sesamoideos, xerando unha sobrecarga nas estruturas adxacentes ao aparello glenosesamoideo<sup>(7)</sup>. Esta patoloxía afecta entre un 2-13% da poboación estudada segundo Anwar et al<sup>(11)</sup>.

O sesamoideo bi- multipartito é unha modificación anatómica na cal o sesamoideo fragmentado se mantén ensamblado ao tecido fibrocartilaxinoso, xerándolle ao paciente unha biomecánica anormal e un estres excesivo nunha das porcións do sesamoideo. Segundo Favinger et al<sup>(12)</sup> esta patoloxía xorde despois dun trauma severo presentando unha incidencia dun 14,3%; sen embargo, outros autores como Coehen<sup>(4)</sup>, Anwar et al<sup>(11)</sup> ou Greer Ricardson<sup>(13)</sup> determinan que a prevalencia desta patoloxía varía segundo a área afectada, mostrando unha afectación tibial nun 10% e bilateral nun 25%.

A osteonecrose ou enfermidade de Renander afecta a ambos sesamoideos, aínda que xeralmente o máis afectado é o medial. Segundo Tarazona, et al<sup>(14)</sup>, esta patoloxía xorde debido a unha variación na



circulación dos sesamoideos asociada a microtraumatismos repetitivos, traumatismos severos ou por esmagamento do aparello glenosesamoideo; xeralmente asociados a un pe cavo ou a o uso abusivo de tacón alto, o cal xustifica que afecte con maior frecuencia a mulleres na segunda ou terceira década de vida. Mentres que, Bosch et al<sup>(15)</sup> consideran que esta patoloxía se produce por un estres estrutural continuado no aparello glenosesamoideo; o cal afecta sobre todo aos atletas profesionais. Segundo a bibliografía consultada, a incidencia de esta patoloxía é dun 0.2% en 5000 deportistas estudados afectando sobre todo a persoas que realizan deportes de salto, atletas ou a bailarinas<sup>(14)</sup>.

A fractura de estres é outra das patoloxías que afectan ao aparello glenosesamoideo, tratándose dunha lesión que se produce debido a un exceso de carga despois de realizar actividades de maneira prolongada e repetitiva, ou por realizar un apoio metatarsal brusco tras un salto. Xeralmente, estas fracturas cursan con dor inicialmente progresivo podendo chegar a ser incapacitante, acompañado dunha lixeira tumefacción. O sesamoideo que se ve máis afectado é o medial, xa que é o que máis peso soporta. Segundo a bibliografía consultada, autores como Nwawka et al<sup>(7)</sup>, Palomo López et al<sup>(10)</sup>, Torrenco et al<sup>(16)</sup> ou Bichara et al<sup>(17)</sup> determinan que a incidencia desta patoloxía é dun 8.8%, afectando en maior medida a mulleres que practican running, baile, ximnasia ou xogan o baloncesto.

A osteomielite dos sesamoideos é unha afección moi pouco frecuente que pode xerar limitación ao paciente. Relaciónase con úlceras cutáneas ou lesións dérmicas infectadas asociadas a pacientes con neuropatía diabética. En pacientes que non presenten esta neuropatía a afección cursa con dor agudo, inflamación local importante, febre e imposibilidade de apoiar o primeiro radio no chan. Clinicamente soen presentar abscesos, fístulas e supuración<sup>(7,8)</sup>.

A hipertrofia dos sesamoideos é unha condición na cal a estrutura do sesamoideo se ve modificada tanto na forma como no tamaño, sobre todo

na cara plantar. Isto pode desenvolver unha queratosis plantar, un IPK e inclusive unha ulceración. Este tipo de afección, segundo Boike et al<sup>(18)</sup> e Anwar et al<sup>(11)</sup> sóese relacionar con un primeiro radio plantarflexionado ou un pé cavo.

A compresión nerviosa das ramas medias, laterais ou ambas do nervio plantar dixital polos sesamoideos é unha patoloxía asociada a este aparello, xa que pode causar sintomatoloxía tal como inflamación, desprazamento do sesamoideo así como dor neuropático irradiado ou entumecemento distal<sup>(13)</sup>.

O dedo de céspede é outra patoloxía que afecta ao aparello glenosesamoideo, tratándose dunha lesión na cal a 1ª AMTF se atopa dorsiflexionada ou en hiperextensión, o cal pode xerar roturas ou erosións capsuloarticulares ademais de xerar unha fractura sesamoidea ou unha subluxación debido á desviación do primeiro radio pola presenza dun hallux valgus (HAV)<sup>(19)</sup>. Este tipo de lesión cursa con dor á presión, limitación do movemento e dor en toda a zona do primeiro radio<sup>(20)</sup>.

A artrite é unha patoloxía sistémica que tamén repercute nos sesamoideos, incluíndo nela: a osteoartrite, a artrite reumatoide, a gota e a artrite psoriásica. A osteoartrite, na cal tamén se inclúe o hallux rigidus, asóciase á redución do espazo articular do metatarsiano e ás exóstosis dorsais, o cal presentará ademais de sintomatoloxía dolorosa, quistes, xeodas subcondrais e picos óseos<sup>(21)</sup>. En canto á artrite reumatoide, esta afecta ao aparello glenosesamoideo presentando derrames, erosións, edema da medula a ambos lados da 1ª AMTF e tenosinovitis do tendón do tibial posterior<sup>(22)</sup>. A gota é unha patoloxía sistémica, a cal presenta como signo patognomónico erosións e cambios quísticos tanto na 1ª AMTF e nos sesamoideos, como nos tecidos brandos que os rodean<sup>(23)</sup>. A artrite psoriásica pode afectar aos tendóns flexores tanto da 1ª AMTF como á articulación metatarsosesamoidea presentando periostitis e neoformación ósea<sup>(22)</sup>.

Unha das técnicas empregadas para o tratamento de patoloxías como a sesamoidite, a sesamoidite bipartita sintomática ou a necrosis avascular é a de realizar ondas de choque mediante o dispositivo Storz D-Actor 200: este procesador xera ondas acústicas (non sonoras) que se propagan de maneira radial por todo o tecido brando ata chegar aos sesamoideos. Esta terapia resultou beneficiosa para os pacientes sometidos a ela, chegando a propoñerse como tratamento alternativo<sup>(24)</sup>. Outro xeito de tratar a sintomatoloxía referida polas patoloxía anteriormente citadas, é a de infiltrar na área afectada unha inxección de 1mL de 0.125% de Levobupivacaína (anestésico local) mesturado con 10mg de acetonuro de triamcinolona (esteroide) guiada mediante ultrasóns. No estudo revisado comprobouse que con este tipo de tratamento a sintomatoloxía diminuía inmediatamente, ata remitir na súa totalidade<sup>(25)</sup>.

Segundo a bibliografía consultada, existe unha gran variedade de ferramentas que se poden empregar para confirmar a sospeita de patoloxía dos sesamoideos e facer diagnósticos diferenciais tales como: a radiografía simple (Rx), a resonancia magnética (RMN), a tomografía axial computadorizada (TAC), a ecografía (ECO) ou a gammagrafía ósea. Esta diversidade de probas radiolóxicas débese á variabilidade de patoloxías existentes; de tal xeito pódese realizar un diagnóstico máis específico.

Cómpre diferenciar cal é o uso que se lle debe dar a cada proba segundo a patoloxía que presente o paciente; é dicir, a ECO e a RMN empréganse sobre todo para coñecer o estado dos tecidos e das estruturas brandas de arredor do aparello glenosesamoideo nas cales existe sintomatoloxía. Xeralmente emprégase para confirmar a sospeita de sesamoidite, osteomielite do sesamoideo ou atrapamento nervioso. En xeral o estudo débese comezar realizando a ECO; isto é debido a que este tipo de proba non supón ningún risco para o paciente estando indicada incluso en embarazas, a rapidez da proba, do resultado e do custo da mesma. Sen embargo, a RMN supón riscos engadidos debido á radiación á que se somete ao paciente para obter resultados, ademais de ser unha proba

que non se pode realizar nin a embarazadas nin se recomentan en pacientes que presenten algún dispositivo metálico no seu organismo<sup>(26,27)</sup>.

Outras probas que se empregan para diagnosticar patoloxías óseas nos sesamoideos tales como fracturas de estres, sesamoideo bi/multipartito, necrose avascular, artrite ou dedo de céspede son a Rx, o TAC ou a Gammagrafía ósea. Con estas probas, ao igual que sucedía nas anteriores, tamén se debe comezar polas probas máis sinxelas ou que menos risco aporten ao paciente. Segundo a bibliografía consultada; sempre se debe comezar realizando unha Rx a cal aporta información bastante precisa das estruturas óseas xerando pouco risco aos pacientes, sendo o risco por radiación mínimo. Continúase polo TAC, no cal se someten ás estruturas que se queren valorar a múltiples raios que se liberan de maneira simultánea para obter información de todos os cortes posibles, e así obter unha imaxe íntegra desa estrutura. Este tipo de proba non supón un maior risco para o paciente, xa que a radiación pode debilitar e danar os tecidos, polo que non se deben realizar de maneira asidua<sup>(28)</sup>.

Ao longo da busca bibliográfica tamén se atoparon estudos que determinan o uso de gammagrafía ósea para diagnosticar patoloxías como fracturas, neoplasias, osteomielitis, necrose ou inclusive artrose, artrite ou artrite gotosa no aparello glenosesamoideo. A diferenza do TAC, este tipo de proba só emite a radiación do líquido que se inxecta, polo que é máis segura que a anteriormente citada, aínda que tampouco se recomenda en embarazadas<sup>(29)</sup> e non se soe empregar debido ao seu alto custo.

Tras comprobar a bibliografía para coñecer as diferentes patoloxías que poden afectar ao aparello glenosesamoideo, en todos os estudos concordan en que a exploración desta área realízase mediante un exame físico; é dicir, palpatoria, visual e exploración física (en descarga, carga e estudio da marcha e da pegada plantar). Ademais de empregar as probas

complementarias axeitadas a cada tipoloxía patolóxica<sup>(14,30–33)</sup>. Sen embargo, existen test validados mediante os cales se pode relacionar a sintomatoloxía dos pacientes coa morfoloxía podal, á incapacidade que esta sintomatoloxía lle xera, como se ve limitada a súa calidade de vida, coñecer a actividade física que pode realizar, así como a relación das patoloxías sistémicas coa afección dos sesamoideos. Ao longo deste estudo empregáronse os seguintes test para coñecer estas condicións:

- Foot Posture Index (FPI)<sup>(34)</sup>.
- Foot Function Index (FFI)<sup>(35)</sup>.
- Foot Health Status Questionnaire (FHSQ)<sup>(36)</sup>.
- Cuestionario SF-36<sup>(37)</sup>.
- Cuestionario Internacional da Actividade Física (IPAQ)<sup>(38)</sup>.
- Índice de comorbilidade de Charlson<sup>(39)</sup>.

## 2. APLICABILIDADE

Estudar as patoloxías existentes no sistema glenosesamoideo da poboación adulta (18 anos e máis) de ambos sexos da área xeográfica de Ferrol, para con elo poder determinar cal é a patoloxía máis prevalente, e se hai discrepancias en canto ao sexo do paciente, como limita a patoloxía á súa calidade de vida e á súa actividade diaria. Tamén se pretende determinar se existe relación entre a patoloxía do sesamoideo e a morfoloxía do pé, ou inclusive coas enfermidades sistémicas que padeza a persoa.

## 3. HIPÓTESE

A diversidade de patoloxías dolorosas situadas no sistema glenosesamoideo relaciónase coas variables asociadas a dita patoloxía, coa co-morbilidade, e coas limitacións tanto na calidade de vida como nas actividades físicas dos pacientes.

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. OBXECTIVO XERAL

Determinar a prevalencia das patoloxías do aparello glenosesamoideo na poboación adulta da área xeográfica de Ferrol.

### 4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Como obxectivos específicos establecéronse os seguintes:

- Valorar as variables asociadas ás patoloxías do aparello glenosesamoideo.
- Valorar a relación da patoloxía dolorosa do aparello glenosesamoideo coa variable de co-morbilidade.
- Determinar como as afeccións do aparello glenosesamoideo alteran a calidade de vida dos pacientes.
- Avaliar como as afeccións do aparello glenosesamoideo limitan a funcionalidade do individuo.

## 5. METODOLOXÍA

### 5.1. ESTRATEXIA DE BUSCA BIBLIOGRÁFICA

A elaboración deste proxecto foi posible despois de realizar unha ampla e exhaustiva busca bibliográfica nas bases de datos máis importantes das Ciencias da Saúde. Esta estratexia de busca realizouse entre os meses de Febreiro á Abril do 2017. Tal e como se mostra no **ANEXO I**.

Para recadar toda a información que consideramos necesaria empregáronse principalmente os seguintes termos de busca: *sesamoid bone, treatment, forefoot, pathology, fracture, necrose, osteoarthritis*.

Tamén foi necesaria realizar unha busca invertida na bibliografía seleccionada para este proxecto, con obxectivo de ampliar a información necesaria para a realización do mesmo.

## 5.2. TIPO DE ESTUDO

O estudo que levaremos a cabo será descritivo observacional transversal de prevalencia.

## 5.3. POBOACIÓN DO ESTUDO

Incorporaranse ao estudo todos aqueles pacientes que cumpran os criterios de inclusión, e que fosen diagnosticados dalgunha patoloxía no sistema glenosesamoideo polos servizos de Reumatoloxía ou Traumatoloxía dos Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e remitidos por escrito á Clínica Universitaria de Podoloxía de Ferrol (CUP).

## 5.4. ÁMBITO E PERIODO DE ESTUDO

O desenrolo deste estudo levarase a cabo na cidade de Ferrol, nas instalacións da Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP). Ferrol conta con 68.308 habitantes, dos cales o 46.9% pertencen ao sexo masculino e o 53.1% ao feminino segundo o INE (2016), os cales habitan en medio rural e urbano. Para elo, presentárase por escrito á Coordinación desta área a solicitude dunha sala exploratoria para poder levar a cabo tanto a valoración como a realización dos cuestionarios por parte dos participantes do estudo, tal e como se mostra no **ANEXO II**.

O tempo estimado para a elaboración deste traballo de investigación é de 1 ano e medio, dende Setembro do 2017 ata Abril do 2019. Debido a que a Clínica Universitaria de Podoloxía non está activa durante todo o ano, respectarase o período de apertura de dita instalación. Isto quere dicir que se interromperá o estudo durante o mes de Agosto, xa que corresponde ás vacacións do persoal da mesma.

## 5.5. CRITERIOS INCLUSIÓN

- Pacientes con patoloxía no aparello glenosesamoideo maiores de 18 anos.

- Pacientes cuxa saúde mental lles permita comprender o obxectivo do estudo así como asinar o consentimento informado.
- Pacientes derivados dos Servizos de Reumatoloxía ou Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol que aporten un informe conforme presentan patoloxía no sistema glenosesamoideo.
- Pacientes con patoloxía no sistema glenosesamoideo que aporten radiografía (corte axial e antero-posterior) de ambos pés.

### 5.6. CRITERIOS EXCLUSIÓN

- Pacientes menores de idade.
- Mulleres embarazadas ou que estean en período de lactación.
- Pacientes que non cumpran algún dos demais criterios de inclusión.

### 5.7. TAMAÑO MOSTRAL

A poboación da área xeográfica de Ferrol está composta por medio urbano e rural, e segundo os datos do INE é de 68.308 habitantes. Para estimar que patoloxía do aparello glenosesamoideo é máis prevalente nesta área xeográfica ao 5% cun nivel de confianza do 95% e unha precisión de  $\pm 3$ , necesítanse estudar 200 pacientes, si se supón un porcentaxe de perda do 15% o tamaño mostral sería de 236 pacientes. Segundo a distribución poboacional por sexo, o tamaño mostral necesario de mulleres sería 111 e de homes 125.

### 5.8. VARIABLES

- Idade, sexo e IMC
- Tipo de patoloxía do sistema glenosesamoideo.
- Signo de Tinel.
- Tipo de pé medido co FPI.
- Funcionalidade medida co FFI.
- A dor e a funcionalidade do pé medida co FHSQ.



- O estado xeral de saúde e a calidade de vida do entrevistado medida co SF-36.
- A actividade física diaria que realiza o entrevistado medida co IPAQ.
- A esperanza de vida relacionada coas comorbilidades asociadas medida co índice de Comorbilidade de Charlson.

## 5.9. INSTRUMENTOS DE RECOLLEITA DE DATOS

A recolleita de datos comezará cunha entrevista persoal ao paciente. Previamente á exploración entregaráselle a folla de información sobre o estudo (**ANEXO III**), así como o consentimento informado (**ANEXO IV**) para que o lea e planee todas as dúbidas que lle xurdan antes de asinalo. A continuación, realizarase unha entrevista coa cal se coñecerán os datos persoais máis relevantes para o estudo que queremos realizar, e anotaranse nun caderno de recolleita de datos (**ANEXO V**).

A continuación, realizarase unha exploración do paciente, para a cal necesitaremos un tallímetro, unha báscula, un goniómetro, unha regra de Perthes, un podoscopio, un pedígrafo manual, un martelo para valorar os reflexos e un ecógrafo portátil. Todo este instrumental empregárase para a valoración tanto en carga, descarga como en dinámica. En carga tamén se lle realizará o **Foot Posture Index (FPI)**<sup>(40)</sup> (**ANEXO VI**).

Unha vez rematada a exploración, deixaráselle un tempo ao paciente para que cubra os seguintes cuestionarios:

O **cuestionario SF-36**<sup>(41,42)</sup> (**ANEXO VII**) é unha ferramenta validada a través da cal se valoran os estados tanto positivos como negativos da saúde. Está composto de 36 cuestións nas cales se valoran: a función física, o rol físico, a dor corporal, a saúde xeral, a vitalidade, a función social, o rol emocional e a saúde en xeral. Ademais presenta un ítem adicional no cal se valora o estado xeral da saúde con respecto ao ano anterior.

O **cuestionario internacional de actividade física**<sup>(38,43)</sup> (**ANEXO VIII**) é un instrumento validado por diversos estudos internacionais e proposto pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como instrumento para vixiar a epidemioloxía a nivel poboacional.

O cuestionario **Foot Function Index (FFI)**<sup>(44,45)</sup> (**ANEXO IX**) é un instrumento validado e fiable que se emprega para valorar a funcionalidade do pé de xeito xeral.

O **Foot Health Status Questionnaire (FSHQ)**<sup>(36,46)</sup> (**ANEXO X**) é un cuestionario validado no cal se relaciona a calidade de vida do paciente coa saúde do pé.

O **Índice de Comorbilidade de Charlson**<sup>(47)</sup> (**ANEXO XI**) é un instrumento validado mediante o cal se determinan as probabilidades que ten unha persoa de morrer, asociadas ás condicións de comorbilidade das enfermidades que presenta. A cada condición asignáselle unha puntuación dependendo do risco de falecemento da mesma. Coa suma de todos eles determínase o risco de mortalidade que ten ese paciente.

## 5.10. ANÁLISE ESTADÍSTICO

Realizarase un análise descritivo dos datos, as variables cualitativas ou categóricas representarán cunha frecuencia e porcentaxe, a estimación do intervalo de confianza ao 95%. As variables cuantitativas describiranse co seu valor media  $\pm$  desviación típica, mediana e rango. Para determinar a posible asociación entre variables cualitativas calcularase co test estatístico Chi<sup>2</sup>. A comparación de medias para máis de dous grupos estimarase mediante a proba ANOVA o Kruskal-Wallis.

## 5.11. LIMITACIÓNS DO ESTUDO

- O estudo realizarase nun único centro, para extrapolar mellor a representatividade da mostra estudada. Poderíase propoñer un estudo multicentro en outros concellos do territorio español.

- O estudo que se levará a cabo é unha foto fixa das patoloxías estudadas e dos pacientes nun momento dado; o adecuado sería tamén nun futuro realizar outras medicións e ver a súa evolución.
- Na busca bibliográfica realizada obxectívase unha baixa prevalencia de patoloxías do aparello glenosesamoideo, polo que contemplamos que o proceso de recolleita de datos puidera dilatarse máis aló das datas indicadas no cronograma (**Táboa I**). Ademais, a inclusión dos suxeitos ao estudo depende da remisión dos mesmos pola parte dos Servizos de Reumatoloxía e de Traumatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

## 6. PLAN DE TRABAJO

### 6.1. MEDICIÓN

Os pacientes que participen neste estudo deberán acudir ás instalacións da Clínica Universitaria de Podoloxía na data e hora para a que foron citados. Para a recolleita da mostra estímase un tempo dun ano. Dispoñeráse de 3 horas e media en horario de 9.30 a 13.00 dous días á semana (martes e xoves).

O encontro co paciente levarase a cabo na sala de exploración, a cal durará arredor de 60 minutos. No comezo da entrevista entregaráselle tanto a información do estudo como o consentimento informado (**ANEXO II e ANEXO III**) para que o lea atentamente, comprenda e o asine. Ademais, entregaráselle os cuestionarios validados (**ANEXO VII, ANEXO VIII, ANEXO IX, ANEXO X, ANEXO XI**) en soporte papel, nos cales deberá cubrir as escalas alí determinadas e unha vez finalizado entregaránolos para cando proceda engadilos á base de datos. Previamente á exploración física, o paciente entregaranos as radiografías (corte axial e antero-posterior) de ambos pés que foron realizadas polo servizo remitente. Nos casos nos que a proba radiográfica non sexa concluínte, realizaríase na CUP unha ecografía do primeiro radio para a

cal se fará uso dun ecógrafo portátil solicitado á xerencia do servizo sanitario de Ferrolterra **(ANEXO XII)**.

A seguinte fase do estudo consiste na exploración do paciente. Para elo levarase a cabo exploración visual, palpatoria e exploratoria en carga, descarga na cal se realizará o sinal de Tinel, marcha e da pegada plantar. Para o estudo en carga apoiarémonos no FPI-6 **(ANEXO VI)**.

## 6.2. CRONOGRAMA

Táboa I. Cronograma para o desenvolvemento do estudo

	2017				2018												2019				
	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	
Busca bibliográfica	■	■																			
Autorización do comité	■	■																			
Recolleita de datos			■	■	■	■	■	■	■	■	■		■	■	■						
Análise e interpretación																■					
Resultados e redacción																	■				
Entrega e presentación																		■	■	■	■

## 7. ASPECTOS ÉTICOS E LEGAIS

Para levar a cabo o desenvolvemento deste proxecto débense respectar os seguintes aspectos:

Os principios éticos para a investigación médica en seres humanos establecidos na Declaración de Helsinki, a Declaración de Núremberg, o Convenio de Oviedo así coma os principios determinados como Boa Práctica Clínica.

A Lei Orgánica 15/1999 do 13 de Decembro que regula a Protección de Datos de Carácter Persoal, a Lei 41/2002 do 14 de Novembro reguladora da autonomía do paciente dos dereitos e obrigacións en canto á información e documentación clínica na que se trata a información ao paciente e o consentimento informado (**ANEXO III e ANEXO IV**).

Finalmente, será necesaria a aprobación tanto da CUP coma do Comité Autonómico de Ética e Investigación de Galiza (CAEIC) para poder levar a cabo o estudo. Presentarase a seguinte documentación:

- Autorización da Coordinación da Clínica Universitaria de Podoloxía para o desenvolvemento do estudo nas instalacións da mesma (**ANEXO II**).
- O CAEIC require da entrega da seguinte documentación:
  - Documento do consentimento informado (**ANEXO III e ANEXO IV**)
  - Solicitude da avaliación polo CAEIC (**ANEXO XIII**).
  - Xustificante de exención do pago de taxas (**ANEXO XIV**)
  - Protocolo de investigación.
  - Compromiso do investigador principal (**ANEXO XV**).
  - Compromiso de enviar esta información en galego antes do inicio do estudo.
  - Memoria económica.

A totalidade desta documentación será entregada vía e-mail para que sexa valorada polo equipo ético do CAEIC ao seguinte correo electrónico [ceic@sergas.es](mailto:ceic@sergas.es).

## 8. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

Tanto as revistas científicas coma os congresos ou xornadas nos que se presentarán os resultados deste estudo recóllense no **ANEXO XVI**.

## 9. FINANCIACIÓN

### 9.1. RECURSOS NECESARIOS

#### 9.1.1. INFRAESTRUTURA

Para levar a cabo este estudo farase uso das instalacións da Clínica Universitaria de Podoloxía de Ferrol e por tanto, farase uso tamén dos recursos materiais, das instalacións e do persoal da dita institución.

#### 9.1.2. RECURSOS HUMANOS NECESARIOS

Neste caso será preciso o persoal administrativo, o cal xa forma parte do equipo da clínica, sendo o encargado de xestionar as citacións así como de recoller e organizar os informes dos pacientes remitidos dos servizos de Reumatoloxía e Traumatoloxía. A maiores, precisarase un podólogo que leve a cabo as exploracións e a realización dos cuestionarios, que neste caso será o propio investigador. Ademais, precisarase contratar o servizo de tradución para poder publicar o estudo internacionalmente (**Táboa II**).

#### 9.1.3. RECURSOS MATERIAIS

Os materiais que se van a precisar durante a elaboración do estudo son tanto funxibles como inventariables. O material funxible ou de papelería que se precisan son cartuchos de impresora tanto de cor como negra,

folios, bolígrafos, carpetas clasificadoras así como os cadernos para anotar os datos. Non se precisará financiación para este material xa que é habitual na práctica clínica.

En canto ao material inventariable, contarase cun ordenador portátil, unha impresora, o tallímetro, o podoscopio, o goniómetro, o martelo de reflexos e a regra de Perthes, os cales están a nosa disposición por ser material necesario para o funcionamento diario da práctica clínica.

Por outra parte, o ecógrafo portátil será solicitado a Xerencia do Servizo de Saúde de Ferrolterra (SERGAS). **(ANEXO XII)**

#### 9.1.4. RELACIÓN DE RECURSOS E GASTOS ECONÓMICOS

A participación en dito estudo é totalmente voluntaria, polo non se contempla realizar ningún tipo de aporte económico aos pacientes que colaboren, como tampouco a recibirá o investigador principal do mesmo.

Sen embargo, a realización do estudo terá unha serie de gastos adicionais, polo que a financiación será precisa para poder divulgar e publicar os resultados nos diferentes medios anteriormente citados **(ANEXO XVI)**. Ademais, como se expuxo no anexo anteriormente citado, tamén se acudirá a congresos nos cales se expoñerá a información acadada con este estudo, polo que será preciso incluír tanto os gastos do viaxe como da inscrición nos devanditos eventos **(Táboa III)**. A totalidade destes datos son orientadores, xa que o período establecido para a súa divulgación é no 2019 e non podemos coñecer as datas concretas de ditos eventos nin os custos exactos, que supoñen os mesmos.



Táboa II. Custos do persoal e de traducción

CONCEPTO		CUSTOS
<b>Recursos humanos</b>	Podólogo investigador	0€
	Persoal administrativo	0€
	Gastos tradución <sup>(48)</sup>	2500€
<b>Gasto</b>		2500€

Táboa III. Custos da difusión dos resultados e dos congresos

CONCEPTO		CUSTOS ESTIMADOS
<b>Gastos publicación</b>	Revistas (3)	7354€
<b>Gastos congresos</b>	Viaxes (6)	1200€ (200€/congreso)
	Inscripción (6)	1200€ (200€/congreso)
	Estancia (6)	600€ (100€/congreso)
<b>Gasto</b>		10354€

### 9.1.5. POSIBLES FONTES DE FINANCIACIÓN

A pesar de que os gastos do estudo se observan como asumibles polo responsable do estudo, planéanse tamén fontes de financiación, para con elo cubrir os custos que conlevará a publicación e a divulgación do estudo. Para elo planéase como fontes de financiación, as seguintes axudas económicas:

- Becas do Instituto de Saúde Carlos III.
- Axudas para a elaboración de proxectos de investigación e accións complementarias dentro do Programa Nacional de Proxectos de Investigación Fundamental. Ministerio de Ciencia e Innovación.

## 10. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Canales MB, DeMore III M, Bowen MF, Ehredt Jr DJ, Razzante MC. Fact or Fiction? Iatrogenic Hallux Abducto Valgus Secondary to Tibial Sesamoidectomy. J Foot Ankle Surg [Internet]. 2015;54(1):82-8. Disponible en: [http://www.jfas.org/article/S1067-2516\(14\)00453-0/fulltext](http://www.jfas.org/article/S1067-2516(14)00453-0/fulltext)
2. Barroso Gómez P, Eugenio M, Lara H, Alfonso J, González M, Becerro De Bengoa Vallejo R. Los sesamoideos de la articulación metatarsofalángica del primer dedo: una revisión sistemática. Rev int cienc Podol [Internet]. 2017;11(1):8-26. Disponible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/RICP/article/viewFile/54102/49489>
3. Waizy H, Jäger M, Abbara-Czardybon M, Schmidt TG, Frank D. Surgical treatment of AVN of the fibular (lateral) sesamoid. Foot ankle Int / Am Orthop Foot Ankle Soc [and] Swiss Foot Ankle Soc. 2008;29(2):231-6.
4. Cohen BE. Hallux Sesamoid Disorders. Foot Ankle Clin [Internet]. 2009;14(1):91-104. Disponible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S1083751508000934?via%3Dihub>
5. Munuera Martínez P. El primer radio. Biomecánica y ortopodología. 2012. 254 p.
6. Marruedo JN, Luis J, Sánchez M. Osteocondritis de sesamoideos: Revisión Hallucal sesamoid osteochondritis: Review. 2014;10:17-25.
7. Nwawka OK, Hayashi D, Diaz LE, Goud AR, Arndt WF, Roemer FW, et al. Sesamoids and accessory ossicles of the foot: Anatomical variability and related pathology. Insights Imaging. 2013;4(5):581-93.

8. Ramberde J. Rotura del fascículo medial del flexor hallucis brevis secundaria a entesitis calcificante distal. Caso clínico y diagnóstico diferencial. Rev Esp Cir Ortop Traumatol. 2010;54(1):69-72.
9. Bali N, Fenton P, Prem H. (I) Disorders of the first ray. Orthop Trauma [Internet]. 2014;28(1):1-12. Disponible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S187713271300170X>
10. Palomo López P, Gutierrez Moraña P, Escamilla Martínez E, Becerro de Bengoa Valleja R LGM, J. GM. Sesamoideopatías. Salud del pie. 2002;28-32.
11. Anwar, R., Anjum, S.N., & Nicholl JE. Sesamoids of the foot. Curr Orthop. 2005;19(1):40-8.
12. Favinger JL, Porrino JA, Richardson ML, Mulcahy H, Chew FS, Brage ME. Epidemiology and Imaging Appearance of the Normal Bimultipartite Hallux Sesamoid Bone. Foot ankle Int [Internet]. 2015;36(2):197-202. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/25237171>
13. E. GR. Hallucal Sesamoid pain: causes and surgical treatment. J Am Acad Orthop Surg. 1999;7:270-8.
14. Felipe P, Velutini T, Ochoa Olvera L, Rodríguez RR. Enfermedad de Renander: diagnóstico y tratamiento. 2011;58:27-3. Disponible en: <http://www.medigraphic.com/analesmedicos>
15. Navarro Bosch, M. Martínez Garrido, I. Sánchez González, M, Cañete Sanpastor P. Osteocondritis de los sesamoideos del hallux. Revisión de la literatura a propósito de un caso. Cirugia-OsteoarticularOrg [Internet]. 2007;42:181-4. Disponible en: <http://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/40704/181-184.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

16. Torrenco F, Paús V, Cédola J. Fracturas por estrés en deportistas. Rev la Asoc argentina Traumatol del Deport. 2010;18-23.
17. Bichara DA, Henn RF, Theodore GH. Sesamoidectomy for Hallux Sesamoid Fractures. Foot Ankle Int [Internet]. 2012;33(9):704-6. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/22995255>
18. Boike, A. Schnirring- Judge, M. McMillin S. Sesamoid disorders of the first metatarsophalangeal joint. Clin Podiatr Med Surg. Clin Pod Med Surg Elsevier Ltd. 2011;28:269-85.
19. Schein, AJ. Skalski, MR. Patel, DB. White, EA. Lundquist, R. Gottsegen C et al. Turf toe and sesamoiditis: what the radiologist needs to know. Clin Imaging Elsevier Inc. 2014;
20. Mason LW, Molloy AP. Turf Toe and Disorders of the Sesamoid Complex. Clin Sports Med. 2015;34(4):725-39.
21. Resnick, D. Niwayama, G. Feingold M. The sesamoid bones of the hands and feet: participants in arthritis. Radiology. 1977;123(1):57-62.
22. Karasick D, Schweitzer ME. Disorders of the hallux sesamoid complex: MR features. Skeletal Radiol. 1998;27(8):411-8.
23. Yu, J S. Chung, C. Recht, M. Dailiana, T. Jurdi R. MR imaging of tophaceous gout. Am J Roentgenol. 1997;168(2):523-7.
24. Saxena A, Yun A, Patel R, Gerdesmeyer L, Maffulli N. Radial Soundwave for Sesamoidopathy in Athletes: A Pilot Study. J Foot Ankle Surg [Internet]. 2016;55(6):1333-5. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/27618711>
25. Shin HY, Park SY, Kim HY, Jung YS, An S, Kang DH. Symptomatic hallux interphalangeal sesamoid bones successfully treated with ultrasound-guided injection. Korean J Pain. 2013;26(2):173-6.

26. Vanore J V, Christensen JC, Kravitz SR, Schubert JM, Thomas JL, Weil LS, et al. Diagnosis and Treatment of First Metatarsophalangeal Joint Disorders . Section 4: Sesamoid Disorders Clinical Practice Guideline First Metatarsophalangeal Joint Disorders Panel : Foot Ankle. 2003;42(3):143-7.
27. Nouh MR, Abd El-Gawad EA, Abdulsalam SM. MRI utility in patients with non-traumatic metatarsalgia: A tertiary musculoskeletal center observational study. Egypt J Radiol Nucl Med [Internet]. 2015;46(4):4-11. Disponible en: [http://ac.els-cdn.com/S0378603X15001850/1-s2.0-S0378603X15001850-main.pdf?\\_tid=6fbb095a-4840-11e7-be78-00000aab0f6c&acdnat=1496482904\\_f397b03cab413859149f6c65d58b6f4f](http://ac.els-cdn.com/S0378603X15001850/1-s2.0-S0378603X15001850-main.pdf?_tid=6fbb095a-4840-11e7-be78-00000aab0f6c&acdnat=1496482904_f397b03cab413859149f6c65d58b6f4f)
28. Summers A. Accessory ossicles and sesamoid bones: Recognition and treatment. Emerg Nurse. 2015;22(10):27-32.
29. Barral CM, Félix AM, Magalhães LN, Carvalho LA, Machado FS. The bone scintigraphy as a complementary exam in the diagnosis of the avascular necrosis of the sesamoid. Rev Bras Ortop (English Ed [Internet]. 2012;47(2):241-5. Disponible en: [http://www.scielo.br/pdf/rbort/v47n2/en\\_v47n2a16.pdf](http://www.scielo.br/pdf/rbort/v47n2/en_v47n2a16.pdf)
30. Santos Sánchez JÁ, Gutiérrez Díez JA, García Alonso J, Ramos Pascua LR. Osteonecrosis de un sesamoideo del pie como causa de metatarsalgia. Aspectos clínico-radiológicos. Semergen [Internet]. 2008;34(6):300-2. Disponible en: [file:///C:/Users/-/Downloads/13123341\\_S300\\_es \(2\).pdf](file:///C:/Users/-/Downloads/13123341_S300_es (2).pdf)
31. Mora Casado, C. Campillo Palomo A. Sesamoideo bipartito. FMC Form Médica Contin en Atención Primaria [Internet]. 2012;19(9):556-7. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4220864>

32. Solano Martínez JM. Fractura de estrés de sesamoideo medial. Rev Española Podol. 2012;XXIII(3):112-4.
33. Brodsky JW, Ptaszek a J, Morris SG. Salvage first MTP arthrodesis utilizing ICBG: clinical evaluation and outcome. Foot ankle Int. 2000;21(4):290-6.
34. Redmond AC, Crosbie J OR. Development and validation of a novel rating system for scoring foot posture: The Foot Posture Index. Clin Biomech. 2006;21(1):419-28.
35. Paez-Moguer J, Budiman-Mak E, Cuesta-Vargas AI. Cross-cultural adaptation and validation of the Foot Function Index to Spanish. Foot Ankle Surg [Internet]. 2014;20(1):34-9. Disponible en: <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S1268773113001264>
36. Cuesta-Vargas A, Bennett P, Jimenez-Cebrian AM, Labajos-Manzanares MT. The psychometric properties of the Spanish version of the Foot Health Status Questionnaire. Qual Life Res. 2013;22(7):1739-43.
37. Brazier JE, Harper R, Jones NM, O’Cathain a, Thomas KJ, Usherwood T, et al. Validating the SF-36 health survey questionnaire: new outcome measure for primary care. BMJ. 1992;305(6846):160-4.
38. Serón P, Muñoz S, Lanás F. Nivel de actividad física medida a través del cuestionario internacional de actividad física en población chilena Levels of physical activity in an urban population from Temuco, Chile. Artículo Investig rev Med chile. 2010;138:1232-9.
39. Frenkel WJ, Jongerius EJ, Mandjes-van Uitert MJ, van Munster BC de RS. Validation of the Charlson Comorbidity Index in acutely hospitalized elderly adults: a prospective cohort study. J Am Geriatr Soc. 2014;62(2):342-6.

40. Morrison C, S. Ferrari J. Inter-rater reliability of the Foot Posture Index (FPI-6) in the assessment of the paediatric foot. J Foot Ankle Res [Internet]. 2009;2(1):26. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC2770503/>
41. Alonso J, Prieto L, Antó JM. La versión española del SF-36 Health Survey (Cuestionario de Salud SF-36): un instrumento para la medida de los resultados clínicos. Med Clin. 1995;104:771-6.
42. Vilagut G, Ferrer M, Rajmil L, Rebollo P, Permanyer-Miralda G, Quintana JM, et al. El Cuestionario de Salud SF-36 español: una década de experiencia y nuevos desarrollos. Gac Sanit [Internet]. 2005;19(2):135-50. Disponible en: <http://scielo.isciii.es/pdf/gsv19n2/revision1.pdf>
43. Fernández Cabrera T, Medina Anzano S, María Herrera Sánchez I, Rueda Méndez S, Fernández Del Olmo A. Escala De Autoeficacia Para La Actividad Física (\*). Rev Esp Salud Pública N°. 2011;85(4):405-17.
44. Budiman-Mak E, Conrad KJ, Roach KE. The Foot Function Index : a Measure of Foot Pain and Disability. J Clin Epidemiol [Internet]. 1991;44(6). Disponible en: [http://www.jfas.org/article/S1067-2516\(14\)00453-0/fulltext](http://www.jfas.org/article/S1067-2516(14)00453-0/fulltext)
45. Garrow AP, Silman AJ, Macfarlane GJ. The cheshire foot pain and disability survey: A population survey assessing prevalence and associations. Pain. 2004;110(1-2):378-84.
